

Indian Summer

ISABEL BELTRÁN

Un impulso vespéral empuxouna, medio adurmiñada, a vagabundear entre álamos, carballos e, inevitablemente, eucaliptos. Un desos estraños días de outono que recenden a castanas e a jazz, privado do branco e negro do inverno polas follas cor ocre e vermello desgastado, que caducas e aborrecidas da ledicia estival caen das árbores mainamente. Un frío crepuscular que apareceu sen previo aviso fíxolle encoller os ombros e afundir o pescozo dentro do gabán mentres apertaba o andar. Voltou á casa anticipándose á melancolía, que é en esa época do ano cando, inevitablemente, deixa unha pegada máis profunda sobre a alma sensible. Deixou caer a agulla sobre o disco do vinilo e acompañou, con voz taciturna mais tranquila, á guitarra sozinha:

A lua, girou, girou...

Atrévome a lembrar

Aquela tarde onírica en Itapoa

Nos ocupamos del mar

Que o sol trocara en diminutos espellos

Cativos cristais ardendo

Porque ardíamos e ardíamos e ardíamos

Al son que arde Itapoa.

Inducíronnos visións esas pedras preciosas

E criamos alcanzar a intelixencia libre

Non foi un momento perfecto, non os hai

Pero caeron as máscaras

e, casualmente, atopámosnos

Porque a vida é a arte do encontro

E alí sentimos a Terra rodar

—suspirou mentras a agulla seguía atravesando o disco—

E agora, *qué racanería, qué difícil todo*

Cuán corto el placer...

Á sombra da saudade

— Porque non quixo sentir máis sol que o de Itapoa —

Queda o resaibo de aquel encontro, que esgota

Musgo reverdecido e resistente

Pegado firmemente á rocha de Itapoa

Extraio até o último dos seus aromas

E aínda podoo sentir o tacto sobre a pel húmeda

E esa complexidade rizomática fluíndo nos seus ollos

Un vinilo tras outro, observo como xiran

E imaxínonos a nós, xirando coa Terra

Mivernina, tu não te lembra daquela tarde de sol,

em que caíste em meus braços

Lavadinha de suor?

A agulla detense; atravesou todo o vinilo. Porén, fica o eco das nostáxicas voces melódicas, cuxa cadencia se repite unha e outra vez, e cada vez máis tenuemente, pero sen chegar a extinguirse.

Falar de amor em Itapoa, falar de amor em Itapoa, falar de amor...

Acompáñana mentres ela, concentrada, persiste no intento frustrado de sentir outra vez que xira coa Terra, que se ocupa do mar, ao son que arde Itapoa, aquela tarde de sol.

